

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o luns, 9 de setembro de 2024, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

DÍA: 9 de setembro de 2024

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Sala de Xuntas do Pazo Provincial

** Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.*

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2024/27G/XGL PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 2 de setembro de 2024.

2. 2023/18094C PRESIDENCIA

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2024 (achega complementaria) en relación con actuacións no Concello da Teixeira.

3. 2024/6709Q PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Celanova para conservación e mantemento de instalacións deportivas, correspondente ao exercicio 2024.

4. 2024/6744M PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello da Peroxa para “Plan Piloto Comunidades Enerxéticas”, correspondente ao exercicio 2024.

5. 2024/6829K PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Bande para cofinanciamento de proxectos Forno - A Granxa e Mellora de Camiños, correspondente aos anos 2023-2024.

6. 2024/6866N PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Celanova para adquisición e subministración de farois para a festa da Ramallosa, correspondente ao exercicio 2024.

7. 2024/6926A PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Larouco para pavimentación e creación de pistas de petanca no contorno do pavillón municipal, correspondente ao exercicio 2024.

8. 2024/6983Z PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Riós para reparacións e sinalización viaria en vías municipais no concello de Riós, correspondente ao exercicio 2024.

9. 2024/7185D PRESIDENCIA

Subvención a favor da Asociación Ruta do Viño de Valdeorras para “Convenio colaborador apoio A Ruta das Covas”, correspondente ao ano 2024.

10. 2024/7199T PRESIDENCIA

Subvención a favor da entidade Escena Sonora Producción Cultural, SL, para “Xoldra de Aguiar”, correspondente ao ano 2024.

11. 2024/7216V PRESIDENCIA

Subvención a favor da Asociación de Empresarios Polígono Barreiros para gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao exercicio 2024.

12. 2024/7217H PRESIDENCIA

Subvención a favor da entidade Clúster da Pizarra de Galicia para gastos de funcionamento da entidade e proxectos, correspondentes ao ano 2024.

13. 2024/7223R PRESIDENCIA

Subvención a favor da Federación de Fútbol - Delegación de Ourense para Copa

Deputación.

14. 2024/7349N PRESIDENCIA

Subvención a favor da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia para gastos de funcionamento, correspondentes ao exercicio 2024.

15. 2024/7484D PRESIDENCIA

Subvención a favor da entidade NOKO 360 SPORTS CONSULTING, SL, para “Arnoia SUP Challenge (Paddel Surf)”, correspondente ao ano 2024.

16. 2024/7488J PRESIDENCIA

Subvención a favor da entidade Pepita-Tery Producciones, SL, para “Proba OCR Xinzo”, correspondente ao ano 2024.

17. 2024/7584V PRESIDENCIA

Subvención a favor da Asociación Cabalo Puzo do Lago para gastos de organización da XXXVI Festa do Cabalo Puzo do Lago (Maside), correspondente ao ano 2024.

18. 2024/7648N PRESIDENCIA

Subvención a favor da Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense para actuación Tras Fondo - Expourense.

19. 2024/8620H PRESIDENCIA

Subvención a favor da entidade Museo da Limia para “melloras no Museo Etnolóxico da Limia”, correspondente ao ano 2024.

20. ASUNTOS DE URXENCIA.

21. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

22. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.

